

TALLER DE ESCRITURA CREATIVA

PRANTEXAMENTO E XUSTIFICACIÓN.-

A ningún se lle escapa a importancia da expresión escrita para os nenos e as nenas no ensino primario. Tanta é a súa importancia na formación dos rapaces que se ten chegado a afirmar que *ler* e *escribir* – eso si, no máis extenso sentido da palabra- debera ser o único e grande obxectivo nesta etapa educativa.

A escrita é moi importante xa non só como ferramenta da expresión literaria, senón mesmo como forma de organización do pensamento. É, xa que logo, unha habilidade básica e instrumental, sen a cal resulta difícil imaxinarse a consecución dos demais obxectivos do currículo.

Este obradoiro non quere nin aspira a *correxir* nen *millorar* ningunha capacidade, sería non só presuntuoso, tamén unha ixenuidade absoluta. O único que se pretende é que, no tempo que dure esta actividade, as nenas e nenos participantes establezan co feito literario, co feito de escribir, unha relación *distendida* e *lúdica*, no que traballar textos sexa invitación ao xogo libre e imaxinativo, para escorrentar os medos, e para que esa medo paralizante ao papel en branco desapareza da mente dos rapaces e rapazas.

Acercarémonos á creación literaria como a un xogo, sen presións, sen a ameaza dunha nota nen dunha censura. Non vai ser “unha clase de galego” (non tería ningún sentido organizar un obradoiro con ese prantexamento). Dende o primeiro momento poñerémonos a escribir, a crear, a inventar, polo simple pracer de facelo, sen preocuparnos en exceso polos resultados, co único obxecto de perderlle o medo a ter ideas, e a expresalas con naturalidade... e tamén a escoitalas dos demais, con respecto e de xeito positivo.

OBXECTIVOS.-

*Tratar de disfrutar creando textos de diferentes tipos, perdendo o medo a expresar as propias ideas.

*Apreciar o valor estético dos textos, identificando as características e os aspectos relevantes dos mesmos.


*valorar, emitir xuízos razoados sobre os textos propios e alleos de forma respectuosa e constructiva.

*Identificar os rasgos propios e característicos dos textos.

*Valorar a lectura como fonte e recurso imprescindible na construción da competencia literaria individual.

CONTIDOS.-

Estructuraremos os contidos do obradoiro en torno aos seguintes bloques:



1.-CONSTRUCCIÓN ORAIS.-

Actividades tipo:

- *Construcción orais e xogos con palabras./Xogos de presentacións orais.
- *Construcción de historias a partir de palabras clave, títulos, principios, finais...
- *Construcción utilizando diccionarios, prensa escrita, titulares
- *Construcción de adiviñas, refráns, a partir da moralexaconstruir o conto...

2.-XOGAMOS COS CONTOS.-

*Xogos con contos tradicionais: cambios de personaxes, introducción de personaxes novos, series cortadas(lobo/ carapuchiña/ avoa/ bicicleta), introducción de personaxes novos, desubicación/actualización, seguirle a pista a un personaxe, ensalada de contos...

INVENTAMOS HISTORIAS.-

- *Confección de tautogramas (palabras que comparten inicial)
- *Redaccións alfabéticas
- *Definicións creativas de palabras.
- *Valoración/análise en grupo das creacións individuais.
- *Contos a partir dunha hipótese fantástica, dun formato, dun título...
- *Invención de farfanías (palabras que non queren dicir nada)
- *Redaccións filoménicas

XOGOS COA POESÍA.-

- *Música, rima, ritmo con farfanías.
- *Creación de palíndromos/acrósticos/caligramas...
- *Repetición de estruturas

MATERIAL.-

- Diccionarios
- Libro de poemas un por alumn@
- Carpetas(unha por alumn@)
- Chifros ou instrumentos de meter ruído
- Xornal (un por alumn@))

DESENROLO DO OBRADOIRO.-

Acordamos que as sesións se realicen os días 13,14,15,20 e 22 de mes de maio en horario de 10,45 a 13,15 cada sesión con media hora de descanso.

PRIMEIRA SESIÓN.-

Empezo falándolles do sentido e obxectivos do curso. Logo propóñolles o xogo oral de autopresentación con palabras tabú: non poden dicir nin “eu”n nin “si”, nin “non”. Participan todos con interese. A actividade seve para romper o xeo.

-Propóñolles logo unha primeira actividade consistente en escribir unha moi breve biografía persoa con líneas acrósticas: lendo a primeira letra de cada línea, en vertical, poderase ler o nome de cada neno ou nena.

-Só con tres palabras nun sobre, escriben as primeiras líneas dun conto. Logo xúntanse por parellas. Coas seis palabras construimos a historia...

-Historias con diccionarios.

Texto de apoio, J. j. Millás. (ver *Gramática insubordinada*, Vigo,2004, Xerais, Bernardo Carpenté Allegue,coord.)

Ábrese o abano de posibilidades....

-Xogo do S+7 (Gramática insubordinada...)

-Máis posibilidades...

Tautogramas: palabras que comparten inicial

Redaccións alfabéticas...

A sesión non nos dá para tanto. A última actividade non podemos facela por falta de tempo

SEGUNDA SESIÓN.-

Manipulamos-estruxamos-apretamos-estiramos un conto tradicional, por ex:

Carapuchiña Vermella. **Texto de apoio:** “Contiñán en Contarelle”. Prantexamento de posibles situacións:

- Carapuchiña chapona/lobo enfermiño e con moito fame.
- Lobo cantante famoso/Carapuchiña unha fan repugnante
- Carapuchiña é verde/lobo transformouse en gato/avoa foise nunha viaxe do Inverso
- Todo é como no conto, agás o cazador, que cando vai matar ao lobo ten que lidar cuns ecoloxistas que lle lembran que o lobo é unha especie protexida e que non se pode matar.
- Carapuchiña atópase coa Cincuenta e Brancaneves. Menudo lío!

Procuero que eles aporten situacións novas, pero a maioría deciden Traballar sobre as propostas xa prantexadas.

TERCEIRA SESIÓN.-

Adicamos esta terceira sesión a rematar as historias realizadas na sesión anterior e non rematadas. Lémoslas en alto e comentámolas.

Adicamos o resto da sesión a diferentes actividades de composición escrita:

Propóñolles xogos creativos do tipo:

-“dado un final, escribe a historia completa”, “dado un título...”, “dado un principio e un final...”...

-Prepárolles uns sobres nos que previamente introducín palabras escritas en cartulinas, que serven de punto de partida para novas historias. Permito que se reunan por parellas, xuntan as súas palabras e creen as súas historias en colaboración.

-Outros prefiren escribir as súas historias en tríos: un empeza a historia, outro continúa e outro remata.

CUARTA SESIÓN.-

Adicamos a cuarta sesión á creación poética.

-Creación poética libre.

-Caligramas.

-Farfanías poéticas: Deixémonos cativar polos sons e a música. Logo dámoslle o noso poema farfánico ao noso compañeiro para que a traduza.

-Creación de pareados: Un di unha frase, os outros inventan pareados, podemos ata facer competicións.

-Poesía libre

-Palíndromos: inventamos palabras que se poden ler do dereito e do revés.

- Creamos poesías con palíndromos: Dun folio onde hai versos mezclados, escoller cales nos serven para crear unha poesía de palíndromos.

Invención de palíndromos da nosa propia colleita

-Caligramas: Ideas para caligramas: árbores, cuadrado, escaleiras, fútbol, amor.

QUINTA SESIÓN.-

Adicamos a quinta sesión a recopilar e poñer en común todo o feito nas sesións anteriores nun mural. Todos colaboran. O mural expoñémolo no pasillo de entrada.

CARLOS MOSTEIRO